

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizo de escolas infantís municipais

EDICTO

Téndose aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 24/09/2015 a modificación da Ordenanza do Prezo Público pola utilización do servizo de escolas infantís municipais, acordo que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº191 de data de 06/10/2015, e, unha vez transcorrido o prazo de 30 días a que fai referencia o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, sen se ter presentado reclamacións contra dito acordo provisional, éste queda automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do seu texto íntegro de seguido:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

MODIFICACIÓN DO Artigo 4ºa).3. – Criterios e variables para a determinación do prezo a pagar

Onde dí:

3. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

Debe dicir:

3. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, ou sen rendas propias que dependan economicamente da unidade familiar.

b) A renda serán os **ingresos totais** da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no que se pretenda que produza efectos. Se calculará como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto, os ingresos totais anuais se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) A **renda per cápita anual** calculase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A **renda per cápita mensual** será o resultado de dividir o importe anterior por 12.

MODIFICACIÓN DO Artigo 5º.3.-Importe do prezo público

Engadindo un novo apartado 3:

3.- Os usuarios e usuarias que teñan horario a quendas, e que polo tanto non fagan uso dos servizos de comedor de xeito continuado durante todo o mes, cobraráselles os servizos prestados facendo o cálculo proporcional sobre o custo mensual dos mesmos.

MODIFICACIÓN DO Artigo 7ºB.-Revisión dos prezos.

Engadindo un terceiro parágrafo de xeito que o texto quedaría redactado como segue:

B) ALTERACIÓN DAS VARIABLES DE CÁLCULO DO IMPORTE

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as súas circunstancias familiares ou económicas, xa que éstas inflúen sobre o cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

As variacións de mais do 25 % das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de tres meses

consecutivos, e xustificarse por medio da declaración do IRPF, certificación de desemprego ou calquer outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

As variacións de mais do 15% e ata o 25% das rendas do traballo ou actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de seis meses consecutivos, e xustificarse por medio de declaración do IRPF, certificación de desemprego, ou calquer outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

Aos efectos anteriores, todas/os obrigadas/os ao pagamento deberán comunicar calquera variación que se produza ao respecto, e concretamente, deberán achegar antes do día 1 de xullo de cada ano a declaración do IRPF ou certificado negativo do ano inmediatamente anterior. De non dispoñer no prazo indicado deste documento, por imposibilidade de conseguilo da administración tributaria, a presentación farase no máis breve espazo de tempo e sempre antes do día 31 de agosto do ano 2012. Sendo en calquera caso imprescindible para a incorporación efectiva ao centro no mes de setembro.

Teo, 16 de novembro de 2015.

O ALCALDE

Rafael Sisto Edreira

2015/11242